



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº /2024

Sendo necesario levar a efecto a contratación de catro peóns de servizos múltiples ao abeiro do disposto no programa laboral “REFORZO DO EMPREGO” 2023, que a Excm. Deputación Provincial de Lugo implementa a través do seu Plan Único para satisfacer o obxectivo de dar cumprimento ás competencias dos servizos municipais mínimos ou obras esenciais xerando oportunidades de emprego na provincia de Lugo,

E considerando necesario, ademais, conformar unha bolsa de emprego para as contratación de peóns de servizos múltiples que nun futuro podan realizarse no Concello de Negueira de Muñiz,

No uso das facultades que me confire a lexislación vixente en materia de réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as bases que rexeran o proceso de selección de persoal encamiñado á contratación de catro peóns de servizos múltiples, por un período de seis meses, ao abeiro do Programa REFORZO DO EMPREGO 2023 (Excm. Deputación Provincial de Lugo), segundo as bases que de seguido se relacionan:

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE CATRO (4) PEÓNS DE SERVICIOS MÚLTIPLES AO ABEIRO DO DISPOSTO NO PROGRAMA “REFORZO DO EMPREGO” 2023

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a contratación de catro peóns de servizos múltiples ao abeiro do disposto no Programa Laboral “REFORZO DO EMPREGO” 2023, que a Excm. Deputación Provincial de Lugo implementa a través do seu Plan Único para satisfacer o obxectivo de dar cumprimento ás competencias dos servizos municipais mínimos ou obras esenciais xerando oportunidades de emprego na provincia de Lugo. Ao mesmo tempo, este proceso servirá para a creación dunha bolsa de emprego para as contratación de peóns de servizos múltiples que nun futuro podan realizarse no Concello de Negueira de Muñiz.

As tarefas a desenvolver polo persoal que se contrate ao abeiro desta presente convocatoria abranguen, entre outras, traballos tales como mantemento e limpeza de accesos a núcleos de poboación; mantemento de camiños e vías municipais; mantemento, reparación e mellora das redes de abastecemento de auga potable, etc, todo elo de acordo coa Resolución de Alcaldía de data 3 de xullo de 2015, na que se resolve “declarar a contratación temporal de Peóns de obra destinados á limpeza viaria, recollida de residuos, mellora de acceso a núcleos, pavimentación de vías públicas e abastecemento de auga potable como servizos públicos esenciais”.

As contratacións efectuadas en base a este programa se realizarán baixo a modalidade de contrato de traballo por duración determinada por circunstancias da produción, e terán unha duración de seis meses (Artigo 15.1 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores), en réxime de dedicación absoluta

2.- XORNADA LABORAL.

Será de 37 horas e 30 minutos semanais, de luns a domingo, cos descansos establecidos pola lexislación vixente.

3.- RETRIBUCIÓN.

O salario bruto mensual será de 1.449,84 € (pagas extras incluídas)

4.- REQUISITOS XERÁIS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitido a esta convocatoria os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional dos demais estados membros da unión Europea. Asemade, poderán participar no proceso selectivo os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou nacionais doutros estados membros da unión europea, sempre que non estean separados de dereito; e os seus descendentes e os do cónxuxe, menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.*
- b) Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.*
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.*





- d) *Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.*
- e) *Estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 2 ou equivalente, segundo validacións oficialmente establecidas. De non acreditarse este requisito, o candidato deberá realizar unha proba, de quince minutos de duración, consistente na tradución dun texto do Español ao Galego. O resultado de dita proba expresárase como “apto” ou “non apto”, quedando excluído do proceso aquel candidato que obteña a cualificación de “non apto”. (ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOGA nº 34, o 19 de febreiro de 2014).*
- f) *En cumprimento do reflectido na cláusula 11ª.1 das bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos, “e imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego, con independencia de que a xornada de traballo sexa parcial ou completa”.*

5.- PUBLICIDADE

Estas bases publicaranse, de acordo co establecido na cláusula 11.2 das Bases reguladoras do Plan único 2023, na páxina web da Excm. Deputación de Lugo e na páxina web do Concello de Negueira de Muñiz. Asemade se publicarán no taboleiro de anuncios do Concello. A convocatoria do procedemento tamén se fará pública no Boletín Oficial da Provincia (BOP Lugo).

6.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES

As solicitudes presentaranse no modelo de instancia que se facilitará nas oficinas municipais (Anexos I a III destas Bases), e irán acompañadas de fotocopia do DNI e tarxeta de demandante de emprego. Estas presentaranse no Rexistro Xeral de entrada de documentos do Concello de Negueira de Muñiz durante un prazo de cinco (5) días hábiles, que serán contados dende o seguinte ao da publicación das presentes bases na páxina web municipal (www.concellodenegueira.es) e no BOP de Lugo. Ademais, achegarase o xustificante de pago na conta bancaria ES03 0238 8161 6606 6000 0173 da taxa de 10 €, segundo o disposto pola Ordenanza fiscal núm. 6, reguladora da taxas pola expedición de documentos administrativos, no seu epígrafe quinto punto 4º (BOP nº 187, do 17 de agosto de 2011), xunto coa seguinte documentación:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial.

- Declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade

- Declaración xurada ou certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo, así como copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos que se aducen.

Malia o anterior, aqueles que poidan acreditar a súa condición de “desempregado” mediante a presentación da “Tarxeta de demandante de emprego” obterán unha bonificación do 50% na taxa anteriormente citada, polo que deberán aboar soamente 5 €, todo elo consonte o reflectido na modificación da Ordenanza aprobada no Pleno Municipal celebrado o 29 de setembro de 2015 (BOP Nº 227, de 20 de decembro de 2015)

Tamén se poderán presentar as solicitudes na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de cinco días hábiles, aprobando a lista de persoas admitidas e excluídas — coa mención expresa dos motivos de exclusión —. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da corporación e na web municipal. A mencionada lista elevarase a definitiva polo transcurso do prazo para reclamacións, se non as houbese. O prazo para presentar alegacións establécese en dous días hábiles A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo salvo que así o acorde a Alcaldía.

7.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de concurso - oposición, e consistirá na avaliación daquelas circunstancias persoais dos distintos candidatos que socaven de xeito indubidable as súas posibilidades de inserción no mercado laboral; a posterior realización dunha proba práctica, que verse sobre os traballos que os candidatos seleccionados terán que realizar; unha teórica; e a valoración da formación e experiencia profesional acadada polos candidatos. A suma final das valoracións de tódalas probas seguirá unha escala do 1 ó 10, sendo o 10 a nota máis alta.





CONCELLO de NEGUEIRA de MUÑIZ

7.1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL (Puntuación máxima 3,00 puntos):

- Por servizos prestados no Concello de Negueira de Muñiz ou noutras AAPP na mesma categoría á do posto ó que se opta..... 0,20 por cada mes completo.
- Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría á do posto ao que se opta 0,10 por cada mes completo.

Non se computarán períodos de tempo (fraccións) inferiores a 1 mes.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada, a cal deberá vir acompañada, obrigatoriamente, de copia dos contratos de traballo ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

7.2.- FORMACIÓN (Puntuación máxima: 1,00 puntos):

7.2.1.- CURSOS: Valoraranse os coñecementos extra-académicos adquiridos en cursos monográficos.

- Cursos de máis de 50 horas: 0,20 puntos/curso
- Cursos de entre 20 e 50 horas: 0,10 puntos/curso
- Cursos de menos de 20 horas: 0,05 puntos/curso
- Carné de conducir B: 0,50 puntos
- Carné de conducir C1 0,20 puntos

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, esta non se valorará. So se valoraran aqueles cursos que fosen impartidos ou refrendados por Administracións Públicas.

7.3.- PROBA PRÁCTICA (Puntuación máxima: 6 puntos)

Proba práctica: Valorarase con unha puntuación máxima de 4 puntos, e versará sobre aquelas disciplinas que os traballadores terán que desempeñar no exercicio do posto do traballo ao que optan. O Tribunal poderá realizar as preguntas e aclaracións que considere necesarias sobre a materia obxecto da proba.

Exame teórico: Valorarase cunha puntuación máxima de 2 puntos. Exame tipo test de 10 preguntas relacionadas co programa recollido no apartado 10 (Temario) das presentes bases. O tempo máximo para a súa resolución será de 30 minutos.

Quedarán excluídas do proceso selectivo as persoas aspirantes que non comparezan a algunha destas probas (exames teórico ou práctico).

8.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal cualificador estará composto por cinco membros (Presidente, Secretario e tres vogais), todos eles con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado. Poderán formar parte de dito tribunal, persoal do Concello de Negueira de Muñiz, da Xunta de Galicia, da Excm. Deputación Provincial de Lugo ou doutros organismos públicos que cumpran a lexislación vixente para este fin; e o seu nomeamento se realizará mediante Resolución de Alcaldía, a cal será obxecto de publicación no taboleiro de anuncios e na web do Concello de Negueira de Muñiz.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade co disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen presenza, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente, sendo en todo caso necesaria a asistencia de presidente e secretario/a (ou dos que legalmente os substitúan).

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

9.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Rematado o proceso de selección, o Tribunal cualificador publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal a relación de aspirantes ao posto de traballo coa puntuación provisional acadada por cada un deles. Esta puntuación se obterá pola suma das cualificacións obtidas nas distintas probas, e determinará a orde na que se deberán realizar as futuras contratacións.

Os aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións que estimen pertinentes. Rematado este prazo e, no seu caso, resoltas as alegacións presentadas, darase traslado do resultado do proceso ao Presidente da Corporación coa proposta de selección dos candidatos que obtiveran unha mellor puntuación, sen que en ningún caso o número de candidatos propostos para a selección supere o número de prazas vacantes convocadas.

A data de contratación dos traballadores seleccionados, que en ningún xeito ten que ser simultánea, virá determinada polas necesidades de obra..

Aqueles candidatos que, habendo superado as probas de acceso, non obteñan unha cualificación que lles permita acadar o posto ofertado, pasarán a conformar unha listaxe destinada á cobertura das baixas, renuncias, etc dos candidatos seleccionados.





10.- BOLSA DE EMPREGO

Os resultados obtidos neste proceso permitirán conformar unha bolsa de emprego para peóns de servizos múltiples, a cal substituirá á conformada mediante Resolución de Alcaldía adoptada o 1 de marzo de 2021. Esta bolsa de emprego estará vixente por un período de tres anos.

11.- NORMATIVA

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local, Estatuto dos Traballadores e demais normas que resulten de aplicación. As controversias que se produzan na aplicación destes instrumentos normativos, se dirimirán na Xurisdición Contencioso-Administrativa.

12.- RECURSOS

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Negueira de Muñiz, no prazo dun mes, ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, na forma prevista na Lexislación Reguladora de dita Xurisdición, no prazo de dous meses, contados ambos prazos dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios e na web municipais, sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro que estime procedente.

13.- TEMARIO

Coñecemento do territorio municipal

Uso de ferramentas manuais.

Prevenición de riscos laborais

Cálculo de superficies e volumes para estimación de materiais a empregar

Reformulo básico.

O que asina D. José Manuel Braña Pereda, Alcalde-Presidente do Concello de Negueira de Muñiz, na data da sinatura electrónica reflectida ao marxe.

Segundo.- Dar traslado do anterior ao Libro de Decretos deste Concello, así como ao Pleno municipal na próxima sesión que deste se celebre.

O que asina en Negueira D. José Manuel Braña Pereda, Alcalde-presidente, na data da sinatura electrónica reflectida ao marxe, do que eu, D^a. Leticia Rodríguez Díaz, Secretaria-interventora no Servizo da Excm. Deputación provincial de Lugo para a asistencia xurídica, técnica e económica aos Concellos da provincia de Lugo, comisionada por Decreto da Presidencia do Ente provincial de data 1 de decembro de 2023 para exercer as funcións de Secretaria-interventora no Concello de Negueira de Muñiz, dou fe.

O Alcalde-presidente

José Manuel Braña Pereda

A Secretaria-interventora en comisión circunstancial

Leticia Rodríguez Díaz

